

Boas a todos,

Despois de manter varias reunións cos representantes do Medio Ambiente, o xoves día 19 os nosos representantes José A Villar, Margarita Malvar, Elías Rodríguez e como escalador da zona Miguel Feijoo, asistiron a unha xuntaza no Servicio de Protección da Natureza en Ourense. Dalí truxeron unha nova descoñecida, non comunicada pola administración a ninguén e que pode supoñer un perxucio aos practicantes dos deportes de montaña, e en concreto á escalada. A obrigabilidade de solicitar un permiso para escalar en todas as zonas incluídas dentro da Rede Natura. Se isto non se fai, se está exposto a unha sanción administrativa que pode acadar os 6.000 €. Por eso o comunicado do venres día 20, para informar ao colectivo e evitar as posibles sancións.

Agora, todos os clubs galegos teñen coñecemento desta norma. Descoñecemos os criterios empregados para a súa implantación, e concretamente, a alusión á disciplina de escalada, pero todos somos conscientes do refrán que di “si las barbas de tu vecino ves cortar pon las tuyas a remojar”. Ninguén pode asegurar que nun futuro próximo estean afectadas outras disciplinas deportivas.

Evidentemente a norma está escrita, e é lei, polo tanto o seu incumprimento e unha falta e pódese aplicar unha sanción administrativa. Isto ten complicada solución, o mellor sería un cambio, pero eso é complexo. Dende a FGM traballaremos para que se produza. Por outra, o método adoptado para obter a autorización ten moitos puntos febles. Xerará serios inconvenientes aos solicitantes. Presentalo por rexistro oficial, unha semana de antelación e para unha zona determinada. O que restrinxe os movementos entre sectores de escalada e contar que as previsións meteorolóxicas sean axeitadas, e de todos é coñecido que non son fiables as previsións máis alá de cuarenta e oito horas. Pensamos que non é necesario analizar estas cuestións coñecidas por todos nós, pero o método mostra descoñecemento dos deportes de montaña, e ese descoñecemento está nas nosas mans modificalo.

Dende a FGM comezamos xa a falar cos representantes da administración sobre a medida adoptada. En días vindeiros teremos novas, pero os tempos da administración e os nosos non son iguais. Faremos un grande esforzo en amosar que a disciplina da

escalada non é unha actividade que degrada o medio natural. Explicarémolle como se seleccionan os rochedos, como nos achegamos a eles, o radio de acción das persoas no medio natural, as actitudes que teñen os escaladores neses entornos, e que nós, estamos na procura dos ambientes naturais inalterados os cales valoramos e coidamos. Explicarémolle como o primeiro Parque Nacional da Historia moderna, Yosemite, é un lugar visitado por miles de escaladores de todo o mundo dende hai anos. Como o primeiro Parque Nacional Español, Picos de Europa, ten libre acceso, sen restriccións nin solicitudes de permisos. Como o Parque Nacional de Ordesa co Tozal de Mallo o a parede do Libro Abierto, se escalan en perfecta harmonía coa defensa da Natureza. E máis exemplos.

Esta norma sitúa aos escaladores e montañeiros galegos nunha situación de inferioridade con respecto as Comunidades Autónomas veciñas. Dificulta o desenvolvemento da actividade deportiva e a adquisición de hábitos de vida saudables.

Por outra, todos os clubs deberían facer campaña pedagóxica coas administracións locais, as cales tamén veranse afectadas.

O dito, a FGM está a mover ficha, traballar coa Xunta de Galicia para reconducir unha decisión que pode ter efectos moi perxudiciais no eido da escalada. Iremos informando das novas a medida que se vaían producindo. Pero que saibades que a nosa preocupación é forte e profunda.